



A cuadrilla "San Roque de Coristanco" gaña o Campionato Galego de Caza de Raposo

O pasado 18 de xaneiro dábanse cita no Tecor da Sociedade de Cazadores Neira de Jusá, en Baralla (Lugo), as cuadrillas participantes no Campionato Galego de Caza de Raposo, organizado pola Federación Galega de Caza en colaboración coa Sociedade de Cazadores Neira de Jusá.

Foron 16 as cuadrillas que tomaban parte na proba: 14 clasificadas dos respectivos campionatos provinciais, mais o Campión da edición anterior e o 1º clasificado da Copa Federación. Foi a cuadrilla "San Roque de Coristanco", da provincia da Coruña, a que remataba na primeira posición ao capturar 3 raposos. "Pasarela de Friol", de Lugo, era segunda con 2 raposos cazados, os mesmos que a tamén lucense "Os Rápidos" que quedaba no terceiro posto, decidíndose esta clasificación por sorteo.



Pos.	Cuadrilla	Provincia	Capturas
1º	San Roque de Coristanco	CO	3 raposos
2º	Pasarela de Friol	LU	2 raposos
3º	Os Rápidos	LU	2 raposos
4º	Parrillada Antonio	LU	2 raposos
5º	San Martín do Grove	PO	1 raposo

Gabinete de Comunicación

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

www.federaciongalegadecaza.com